

OBSERVACIÓN DOCENTE

Plan de observación no centro.

Reflexión inicial: **entrevista a un/unha compañeiro/a.**

Persoa entrevistada: Santiago García

Entrevistadora: Ruth Avendaño

1. Por que / para que queres observar a outra persoa docente?
Antes de superar o proceso selectivo en 2019, carecía de experiencia como alumno ou docente na EOI: todo proceso de mellora introducido na miña práctica baséase na percepción propia e no *feedback* do alumnado.
Que os compañeiros abran as portas da súa aula, para min, é unha mostra de xenerosidade. Por iso, quero poder ofrecerlles información que, logo da reflexión, poida confirmar intuicións e, de ser necesario, propiciar cambios na súa práctica docente. Desda mesma observación podo tirar eu proveito igualmente: é un privilexio poder inspirarse e aprender doutros que levan máis camiño andado na docencia.

2. Qué aspectos da túa práctica e da túa aula che interesa que observe outra persoa?
Na aula, interésame particularmente a estrutura e as dinámicas das sesións, nos agrupamentos e na interacción do alumnado entre si e co docente. Do mesmo xeito, gustaríame que se observase a miña maneira de estruturar e conducir a clase.

3. ¿Que tipo de observación che parece máis útil para o teu obxectivo?

Auto-observación

Hetero-observación

Co-observación

Observación holística X

Observación focalizada X

Outros

4. Que instrumentos vas empregar?
Folla de observación holística Modelo 1.
Folla de observación focalizada 3.2 Competencia comunicativa A fala do docente.
Portafolios reflexivo.
Entrevista previa (documentada aquí).
5. Cando o vas facer? En qué momento, día, sesión, hora?
17 e 24 de novembro de 2023, 11 a 13 h.
EOI de Vigo, nivel A2. Aula 13.
Profesora observada, Ruth Avendaño.
Profesor observador, Santiago García.
6. Como vas preparar esta observación?
Entrevista previa. Traballo coa páxina Moodle de Ruth, quen amablemente me deu acceso de convidado. Familiarización coas follas de observación.
7. Que vas facer cos datos obtidos?
Facilitar as follas de observación e o meu *feedback* á persoa observada. Incorporar as aprendizaxes ao portafolios reflexivo. Compartir todas as evidencias co resto de participantes no proxecto e facelos dispoñibles para calquera outra persoa interesada.

*As preguntas desta entrevista inicial seguen o modelo creado por **Dolores González González, María Fernández González e Ana Fernández Torres**, ás que se agradece a posibilidade de utilizalas.*

Santiago García Sanz, novembro de 2023.